



André Cebrián

Nace en Santiago e comeza a súa andaina musical na mesma cidade.

Realiza os seus estudos na súa cidade natal y nos conservatorios de Salamanca, Detmold e Xenebra cos mestres Luis Soto, Laurent Blaiteau, Pablo Sagredo, János Bálint e Jacques Zoon.

Actualmente compaxina a súa vida orquestral e docente, en agrupacións e institucións internacionais.

A súa web persoal:
<http://www.andrecebrian.com/>

André Cebrián

MESTRE INVITADO DE
FRAUTA

Historial Académico

Natural de Santiago de Compostela, realiza os seus estudos na súa cidade natal e nos conservatorios de Salamanca, Detmold e Xenebra cos mestres Luis Soto, Laurent Blaiteau, Pablo Sagredo, János Bálint e Jacques Zoon.

Experiencia

Invitado regularmente como solista de frauta por orquestras como a Sinfónica de Castilla y León, a do Gran Teatro del Liceu, a Malaysian Philharmonic Orchestra, a Scottish Chamber, a Filarmónica de Gran Canaria, a Sinfónica Ciudad de Barcelona e a Nacional de Cataluña (OBC), a Spira Mirabilis ou a Orchestra Leonore de Pistoia.

Colabora tamén con orquestras como a Sinfónica del Principado de Asturias, a Sinfónica de Tenerife, a da Comunitat Valenciana, a Orquesta de Cadaqués, a Orchestra Mozart, a Staatskapelle Dresden, a Nacional do Porto, a Real Filharmonía de Galicia ou a Sinfónica de Galicia. Pertenceu á Gustav Mahler Jugendorchester durante cinco anos así como á JONDE, a Britten-Pears Orchestra ou a OJSG.

Tocou baixo a batuta de directores como David Afkham, Lionel Bringuier, Antonio Pappano, Gianandrea Noseda, Sir Colin Davis, Hebert Blomstedt, Vladimir Jurowski, Vasily Petrenko, Daniele Gatti, John Eliot Gardiner ou Franz Wesler-Möst.

Na música de cámara traballou con artistas como Radovan Vlatkovic, Klaus Thunemann, Hansjörg Schellenberger, Eduard Brunner, Jacques Zoon, Maurice Bourgue, Andrés Schiff ou Karl-Heinz Steffens. Asimesmo é membro do Natalia Ensemble e realiza unha importante actividade concertística co Dúo Finisterrae e o guitarrista Pedro Mateo González.

Actuou como solista xunto á Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, a Orquesta Gaos, a Orquesta de la Academia de Música de Cracovia, a Orquesta Sinfónica de Zabrze ou a Orquesta de Cámara Gallega.

Foi premiado en concursos en España, Portugal e Polonia. Compaxina a súa actividade como mestre de frauta e música de cámara no Conservatorio Superior de Música de Aragón con cursos e masterclasses en diferentes escolas, conservatorios e orquestras tales como os Conservatorios de Pontevedra, Ferrol, Huesca, Granada, Palma de Mallorca, San Javier (Murcia), Soria, Santa Cruz de Tenerife, a Academia Nacional de Música de Estonia, a JONDE, a Orquesta Joven de Andalucía, a Joven Orquesta de la Generalitat Valenciana, a Joven Orquesta de Córdoba, a Orquesta Sinfónica de Ávila, as orquestras das Universidades de Santiago de Compostela e Pamplona ou a OSIM e a OECCh en México.